

# As méidas da reforma laboral

## Substitue-se emprego fixo por temporal

Cos *contratos de inserción*, as Administracións públicas dan exemplo de precarización.

Con este contrato, o goberno do PP habilita as Administracións para contrataren temporalmente e non incrementaren os cadros de persoal.

Dará-se, de feito, unha substitución de emprego fixo por emprego temporal.

As persoas demandantes de emprego contratadas polas Administracións públicas mediante este contrato de inserción, non cobrarán polo convénio correspondente, senón que se lles aplicará a base mínima de cotización do grupo ao que corresponde a categoría profesional.

Temporalmente, menos salario, menor cotización: esas son as vantaxes do contrato de inserción. Así dá exemplo a Administración.

A precarización do emprego público aumenta o clientelismo político e a deterioración dos servizos.

**POLA ESTABILIDADE NO EMPREGO  
E POLA ELIMINACIÓN DA TAXA DE  
REPOSICIÓN DE VACANTES: FOLGA XERAL**

## Substitue-se emprego fixo por temporal

Cos *contratos de inserción*, as Administracións públicas dan exemplo de precarización.

Con este contrato, o goberno do PP habilita as Administracións para contrataren temporalmente e non incrementaren os cadros de persoal.

Dará-se, de feito, unha substitución de emprego fixo por emprego temporal.

As persoas demandantes de emprego contratadas polas Administracións públicas mediante este contrato de inserción, non cobrarán polo convénio correspondente, senón que se lles aplicará a base mínima de cotización do grupo ao que corresponde a categoría profesional.

Temporalmente, menos salario, menor cotización: esas son as vantaxes do contrato de inserción. Así dá exemplo a Administración.

A precarización do emprego público aumenta o clientelismo político e a deterioración dos servizos.

**POLA ESTABILIDADE NO EMPREGO  
E POLA ELIMINACIÓN DA TAXA DE  
REPOSICIÓN DE VACANTES: FOLGA XERAL**

# 15 xuño

- Porque a reforma laboral aumenta a precariedade e mantén o desemprego
- Para reforzar a protección social e pensións dignas para todos/as
- A negociación dos convenios é un dereito irrenunciable
- Impulsar e desenvolver os nosos sectores productivos é o noso futuro
- Porque queremos uns servizos públicos de calidade

# folga Xeral



Confederación Intersindical Galega

[www.galizacig.com](http://www.galizacig.com)

# As medidas da reforma laboral

## Contra a reforma laboral

A folga do 15 de Xuño está convocada para lle demostrar ao Parlamento español, antes de que sexa aprobada, que os traballadores e traballadoras galegos rexeitamos esta nova reforma a favor dos empresários.

O Goberno do PP utiliza a maioría absoluta para lle dar á patronal o que pedia.

O Goberno do PP impón-lle un decreto á clase traballadora que aumenta a precariedade e abarata o despedimento.

O Goberno do PP Impón un modelo de contratación que permite a flexibilidade horaria e mensual, podendo traballar diferente cantidade de horas ao día.

O Goberno do PP, a maiores, facilita o despedimento das persoas que traballan nas empresas privadas ao servizo das Administracións Públicas.

O Goberno do PP elimina o dereito a fixar en convenio a idade de xubilación ou a idade máxima para traballar.

O Goberno do PP amenza e anuncia novas medidas para reducir o valor colectivo dos convenios, para que cando finalicen a vixencia, perdamos os dereitos conseguidos en anos de negociación e loita.

**POR UN EMPREGO ESTÁBEL,  
SEGURO E CON DIREITOS: FOLGA XERAL**

## Unha reforma que empobrece as pensións

O Goberno coa reforma dos contratos a tempo parcial e de formación, e coa pretensión de prolongar o cálculo de cotizacións á toda a vida laboral, empobrece as pensións e compromete a súa viabilidade futura.

O Goberno do PP co recente acordo de pensións, non permite a xubilación voluntaria antes dos 65 anos para todos aqueles que non teñen cotizacións anteriores ao ano 1967.

O Goberno español abarata as pensións aos traballadores, para satisfacer a demanda dos bancos e aseguradoras, convertindo un dereito de prestacións públicas en negocio privado.

Co recente acordo de pensións o goberno limita a posibilidade de acordos de prexubilacións para empresas e sectores en crise.

Reducen-se os Ingresos da Seguridade Social diminuindo-lle as cotizacións aos empresários. Así sempre poderán xustificar recortes posteriores nas prestacións (pensións, desemprego...)

**POLO MANTEMENTO DAS PENSÍONS PÚBLICAS**

## Co contrato a tempo parcial modifican-se os horarios á vontade do empresário

O contrato a tempo parcial perde a súa definición para maior beneficio empresarial. O empresário disporá da persoa contratada modificando-lle o horario cada mes, semana, ou día.

O empresário poderá aumentar ou diminuir a xornada utilizando a bolsa de horas complementarias disponibles, reducindo ou aumentando o emprego, segun os seus intereses, sen despedimentos, nen regulacións. Se hai moito traballo, os contratados/as, traballarán o que se lles mande sen facer novas contratacións.

Poderán contratar a todo o ano, pero traballando só uns meses, e sen perceber o desemprego.

## O novo contrato de formación precariza aínda máis o emprego

Antes o contrato de formación era para mozos e mozas deica os 21 anos. Agora alonga-se, sen límite de idade a: inmigrantes, desempregados (con máis de 3 anos nesa situación) e minusválidos. Pretende-se converter o contrato de formación nun contrato lixo, precarizando así sectores como hostalaría, comercio, forestal e agrario, etc.

Polo salario mínimo e case que sen custo na SS, os empresários disporán de persoas formadas para explotá-las en traballos sen cualificación. Así persoas así contratadas non se lles pagarán os salários do seu convenio colectivo e tampouco terán dereito ao seguro de desemprego.

**CONTRATO A TEMPO PARCIAL, ABUSO PATRONAL  
NON Á PRECARIIDADE NO EMPREGO**